

Comunicado nº 085/19

25 de abril de 2019

□ VERIFICACIÓNS KARTING:

Na última proba do calendario de Karting, do Campionato de Galicia 2019, 45º Karting de A Pastoriza, detectáronse posibles irregularidades en diferentes motores da categoría de Rookies-Iniciación.

Por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos, acordouse precintar e empacquetar ós tres motores dos tres primeiros clasificados, e enviar ós locais da F.G. de A. para que foran verificados, con total desmontaxe en presenza dos representantes legais dos menores (pilotos), o día 24 de abril de 2019, a partir das 18 horas.

O Comisario Técnico Don Hugo Filipe da Silva Marques, JOC1ª-1573-GA, verificou os motores, cos últimos equipos de medición, detectando anomalías leves e subsanables no motor dun dos participantes e estando o motor dos demais participantes de caixa ó 100%.

Ante as dúbidas suscitadas por algúns participantes, a Comisión Galega de Karting informa de que nas vindeiras probas verificarase que os motores dos karts non foron obxecto de ningunha manipulación ou modificación.

Asimesmo deuse traslado ó Tribunal Galego de Apelación da actuación do representante legal, dun dos participantes de Rookies, que se negou a que se verificase o motor. O T.G.A. aperturou expediente disciplinario con data 25 de abril do 2019.



**“COMISIÓN GALEGA DE KARTING
DA FEDEERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO”**